

Nome _____ Data _____

Mirando o ceo

Cando de noite miramos o ceo, alí está a Lúa, brillante e bonita.

A Lúa non ten luz propia. Así e todo, brilla no ceo porque reflicte a luz do Sol, coma se iluminásemos cunha lanterna diante dun espello.

Se nos fixamos atentamente, na Lúa podemos ver unhas manchas escuras en forma de círculos. Son cráteres. Os científicos din que, hai millóns de anos, grandes meteoritos chocaron contra a Lúa e causaron estes enormes buratos na súa superficie.

Na Lúa non hai atmosfera, non hai aire. Iso quere dicir que nunca sopra o vento, non hai nubes, non chove nin hai tempestades. Por iso, a terra e o po que hai na superficie non se moven nunca. Cando os primeiros astronautas, despois de aluar, deron un paseo dentro dos vestidos espaciais, foron deixando pegadas no chan e aínda están, non se borraron, porque o po onde están marcadas non cambiou. Pasaron moitos anos desde que a nave *Apolo XI* chegou á Lúa, pero aínda continúan alí as pegadas dos astronautas, tan marcadas coma o primeiro día; e así quedarán anos e anos...

**1** Escribe Si ou Non. De que se fala no texto?

- Do aspecto que ten a Lúa cando a miramos. ► _____
- Da distancia que separa a Terra e a Lúa. ► _____
- Das naves espaciais que van á Lúa. ► _____
- Do que pasa coa terra e co po que hai na Lúa. ► _____

**2** Marca. Que son as manchas escuras que vemos na Lúa?

- Os seus cráteres. As pegadas dos astronautas.

3 Explica o que fixeron os astronautas cando foron á Lúa.



4 Completa as oracións coas túas palabras.

- A Lúa brilla porque _____
- Os cráteres formáronse porque _____
- As pegadas dos astronautas non se borraron porque _____

5 Completa cos verbos no tempo correspondente.



aluar



aterrar



amarar

- Onte o hidroavión _____ no lago para rescatar os náufragos.
- Aquel día a nave *Apolo XI* _____ sen problemas.
- Dentro duns segundos, o avión _____ na pista principal.

6 Relaciona cada expresión co seu significado.

- A. Estar na lúa.
- B. Estar de mala lúa.



Estar enfadado.



Estar distraído.